

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de agosto de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e dez minutos do día dous de agosto de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(812).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(813).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE NO EDIFICIO DO GRAN HOTEL SAMIL. EXPTE. 19854/240.

Dáse conta do informe-proposta do 29/07/16, da xefa do servizo de Contratación-secretaria da Mesa de Contratación:

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

<i>Nº</i>	<i>LICITADOR</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
1	ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A.	100,00
2	EULEN SEGURIDAD, S.A.	93,08
3	GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	93,01
4	ASTRA SISTEMAS, S.A.	92,82
5	CLECE SEGURIDAD, S.A.U.	92,64
6	GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L.	92,56
7	COMPAÑÍA INTEGRAL DE SEGURIDAD, S.A.	92,13
8	ILUNION SEGURIDAD, S.A.	91,54
9	SERVICIOS DE SEGURIDAD INTEGRAL E MATEMENTO A-1	91,02

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 903,16 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(814).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DOS ESPAZOS DA NOVA AULA DA UNED NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 19846/240.

Dáse conta do informe-proposta do 01/08/16, da xefa do servizo de Contratación-secretaría da Mesa de Contratación:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congressos, na avda. de Beiramar, en Vigo (19846-240), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non ter xustificado ós mesmos, consonte os informes dos enxeñeiros municipais de data 28 de xullo de 2016, aos seguintes licitadores: CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.; COPCISA, S.A.; CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.; CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. e CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación
1. ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	91,84
2. CIVISGLOBAL	87,94
3. UTE PRACE COPSESA	87,28
4. OGMIOS	78,87
5. UTE ACEVI-GPD	76,98
6. PLAINTEC	67,22

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 966,66 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos . Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez